



Formación profesional

Adaptación na programación para a finalización do curso 2019-2020

Centro educativo

Código	Centro	Curso académico
15001148	As Mariñas	2019-2020

Ciclo formativo

Código	Nome
CMADG01	Xestión administrativa

Módulo profesional

Código	Nome
MP0438	Operacións administrativas da compravenda

Alumnado

Réxime	Modalidade	Grupo
Réxime xeral-ordinario	Ordinario- presencial	1º Curso

Docente (se procede, indicar o nome e os apelidos)

Nome e apelidos
Adriana Castelo Suárez(Subst.), María Dolores Castro Nogareda (Subst.)

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019-2020, nos centros da Comunidade Autónoma de Galicia.



1. Criterios de avaliación do terceiro trimestre afectados (por cada unidade didáctica)

1.1 Identificación da unidade didáctica

Nº	Unidade didáctica			
3	Obligacións Fiscais na compravenda (IVE)			
Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Imprescindible (si, non)	Desenvolverase neste curso (si, non)	Instrumento de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ RA3 - Liquidación de obrigas fiscais ligadas ás operacións de compravenda, con aplicación da normativa fiscal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.1 Identifícanse as características básicas das normas mercantís e fiscais aplicables ás operacións de compravenda. 	S	S	Actividades e test
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.2 Identifícanse as obrigas de rexistro en relación co IVE. 	S	S	Actividades e test
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.3 Identifícanse os libros-rexistro obrigatorios para as empresas. 	S	S	Actividades e test
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.4 Identifícanse os libros-rexistro voluntarios para as empresas. 	S	S	Actividades e test
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.5 Identifícase a obriga de presentar declaracións trimestrais e resumos anuais en relación co IVE. 	S	S	Actividades e test
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.6 Identifícanse as obrigas informativas á Facenda en relación coas operacións efectuadas periodicamente. 	N	S	Actividades e test
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.7 Recoñécese a normativa sobre a conservación de documentos e información. 	S	S	Actividades e test



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos esixibles

- Deberá coñecer o contido do contrato de compra-venda.
- Complimentar todos os documentos dun proceso de compra-venda: pedido, albarán, factura.
- Deberá coñecer o concepto de IVE: base impositiva, deducións, devolucións, rexímenes e liquidación.

Criterios de cualificación neste módulo serán:

O alumno deberá superar os controis periódicos e ter realizados todos os exercicios e traballos de aula establecidos como mínimos. A asistencia implica o dereito á avaliación continua, e a non asistencia a perda de dita avaliación, tendo dereito unicamente a un exame extraordinario. O número de faltas (xustificadas ou non) que implican a perda deste dereito son 16, é dicir, o 10% das sesións do módulo que marca a Lei.

Para calcular a nota do alumno valorarase a súa resposta a través da observación directa na aula e da realización individual ou en grupo das actividades de ensinanza -aprendizaxe. Teranse en conta os seguintes aspectos:

- Participación activa na aula, reflectida no interese pola materia, iniciativa e capacidade para obter información con carácter autónomo (a falta de participación suporá a aplicación da perda da metade da nota reservada para este apartado), e resolución dos supostos de ampliación que se realicen na última sesión de cada unidade didáctica.
- Orde e pulcritude nos traballos realizados e boa predisposición para o traballo en equipo (a falta de pulcritude e boa predisposición suporá aplicación dos mesmos criterios do parágrafo anterior).
- Os apuntes e exercicios elaborados polos alumnos.
- Participación en tarefas grupais propostas polo profesor. A falta de participación efectiva suporá a aplicación dos mesmos criterios do parágrafo anterior.

Estes contidos teñen un peso na cualificación do alumno dun 10%. Polo tanto un alumno con actitude positiva terá de partida un 1 na nota final; en caso contrario iríase descontando nota segundo o exposto previamente.

Os contidos conceptuais terán un peso do 90% na nota final e valoraranse conxuntamente a traveso da realización de probas escritas, que demostrarán a madurez académica do alumno xa que o forza a desenvolver capacidades de expresión escrita dos coñecementos que posúe e a tomar conciencia das deficiencias no seu proceso de aprendizaxe.

Polo menos en cada avaliación ordinaria se fará unha proba individual. A puntuación variará en función do número de preguntas . O lado de cada pregunta ou exercicio se colocará o seu valor numérico, e a cualificación mínima para aprobar (non é necesariamente o 50% das respostas, xa que variará en función do peso das preguntas que abarquen obxectivos básicos).

Nas probas escritas se valorará:

- A corrección das respostas
- A presentación estética adecuada, na que se inclúe a caligrafía
- A coherencia interna do discurso

Estes criterios son os aplicados na primeira e segunda avaliación realizadas.

Por MOR DO ESTADO DE ALARMA OCASIONADO POLA PANDEMIA COVID 19, prodúcense as seguintes modificacións:

Método de explicación: Explicacións, repasos e resolución de dúbidas a través de videoconferencia.

Recepción de tarefas: Utilización do correo electrónico.

Tipo de actividades: Actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do alumnado.

A cualificación final será a media da nota da primeira e segunda avaliación (cando se obtivera un cinco ou máis de cinco en cada unha delas) incrementada nun punto, sempre e cando entreguen en prazo e correctamente o 50 % das actividades propostas na terceira avaliación.



6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

Critérios de avaliación imprescindibles (por cada unidade didáctica)

Nº	Unidade didáctica			
1	A empresa, clasificación. Aplicación das normas e usos mercantís e da Lexislación fiscal a Empresa e a negociación e selección de provedores			
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
x		<ul style="list-style-type: none"> RA1 - Calcula descontos e prezos de venda e compra, aplicando as normas e os usos mercantís e a lexislación fiscal. 	<ul style="list-style-type: none"> CA1.1 Recoñecéronse as funcións do departamento de vendas, ou comercial, e as do de compras. 	Test e exercicios teórico-prácticos.
		<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> CA1.2 Recoñecéronse os tipos de mercados, de clientes e de produtos ou servizos. 	Test e exercicios teórico-prácticos.
		<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> CA1.3 Descríbironse os circuitos dos documentos de compravenda. 	Test e exercicios teórico-prácticos.
		<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> CA1.4 Identificáronse os conceptos de prezo de compra do produto, gastos, prezo de venda, desconto, xuro comercial, recarga e marxe comercial. 	Test e exercicios teórico-prácticos.
		<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> CA1.5 Distinguíronse os conceptos de comisión e corretaxe. 	Test e exercicios teórico-prácticos.
		<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> CA1.6 Recoñecéronse as porcentaxes do imposto sobre o valor engadido (IVE) para aplicar nas operacións de compravenda. 	Test e exercicios teórico-prácticos.
		<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> CA1.7 Clasificáronse os tipos de desconto máis habituais. 	Test e exercicios teórico-prácticos.
		<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> CA1.8 Recoñecéronse e cuantificáronse os gastos de compra ou de venda. 	Test e exercicios teórico-prácticos.
		<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> CA1.9 Identificáronse os métodos para calcular o prezo final de venda e os prezos unitarios. 	Test e exercicios teórico-prácticos.
		<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> CA1.10 Valorouse a necesidade de actualizar as referencias, as características técnicas, as tarifas e outras especificacións dos produtos e dos servizos prestados. 	Test e exercicios teórico-prácticos.



Nº	Unidade didáctica			
2	Confección de Documentos Administrativos			
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
	x	RA2 - Confecciona documentos administrativos das operacións de compravenda en relación coas transaccións comerciais da empresa.	CA2.1 Identificáronse os documentos básicos das operacións de compravenda e precisáronse os requisitos formais que deban cumprir.	Test e exercicios teórico-prácticos.
			CA2.2 Recoñeceuse o contrato mercantil de compravenda.	Test e exercicios teórico-prácticos.
			CA2.3 Describíronse os fluxos de documentación administrativa habituais da empresa relacionados coa compra e a venda.	Test e exercicios teórico-prácticos.
			CA2.4 Identificouse o proceso de recepción de pedidos e a súa posterior xestión.	Test e exercicios teórico-prácticos.
			CA2.5 Formalizáronse os documentos relativos á compra e á venda na empresa.	Test e exercicios teórico-prácticos.
			CA2.6 Comprobouse a coherencia interna dos documentos, para o que se trasladaron as copias aos departamentos correspondentes.	Test e exercicios teórico-prácticos.
			CA2.7 Recoñecéronse os procesos de expedición e entrega de mercadorías.	Test e exercicios teórico-prácticos.
			CA2.8 Verificouse que a documentación comercial recibida e emitida cumpra a lexislación e os procedementos internos da empresa.	Test e exercicios teórico-prácticos.
			CA2.9 Identificáronse os parámetros e a información que cumpra rexistrar nas operacións de compravenda.	Test e exercicios teórico-prácticos.
			CA2.10 Valorouse a importancia da continua actualización de canles de compravenda, provedores e clientes.	Test e exercicios teórico-prácticos.
			CA2.11 Valorouse a necesidade da calidade no servizo posvenda.	Test e exercicios teórico-prácticos.
			CA2.12 Valorouse a necesidade de aplicar os sistemas de protección e salvagarda da información, así como os criterios de calidade no proceso administrativo.	Test e exercicios teórico-prácticos.



6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

En cada exame correspondente ás avaliacións, realizarase unha recuperación destinada a que aqueles alumnos e alumnas que non superasen a materia, teñan unha segunda oportunidade para superala. Na terceira avaliación a recuperación do exame irá comprendida dentro do exame final correspondente á terceira avaliación.

Con independencia do sinalado o profesor poderá recomendar a realización de exercicios e actividades aos alumnos con dificultades de aprendizaxe da materia, para que eles poidan confeccionalos de forma autónoma.

Igualmente poderán establecerse polo profesor actividades de reforzo para realizar polos alumnos e alumnas con dificultades para conseguir os obxectivos do módulo.

Os criterios anteriores son **modificados por mor do Estado de alarma ocasionado pola PANDEMIA COVID 19**. Ditas modificacións son as seguintes:

Os alumnos cunha ou varias avaliacións suspensas poderán recuperalas a través dunha proba presencial, se a situación sanitaria o permite. Dita proba aprobarase cunha nota mínima de 5.

Se non é posible a proba presencial, as materias pendentes serán recuperadas a través da realización de actividades relacionadas coas mesmas e a realización dunha proba telemática, sendo preciso acadar a nota mínima de 5.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

Os alumnos con perda de avaliación poderán recuperala a través dunha proba presencial, se a situación sanitaria o permite. Dita proba aprobarase cunha nota mínima de 5.

Se non é posible a proba presencial, as materias pendentes serán recuperadas a través da realización de actividades relacionadas coas mesmas e a realización dunha proba telemática, sendo preciso acadar a nota mínima de 5.



8. Medidas de atención á diversidade

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.